

Dermatite dixital e baño de pezuños

Neste número falaremos da dermatite dixital (DD), enfermidade altamente contaxiosa e de rápida propagación no noso gando. A porcentaxe máis alta das coxeiras nas nosas granxas vén derivada desta doenza.



Non hai un guión claro de actuación contra a DD; cada granxa ten unha forma de actuar contra ela. Desde a APPB coincidimos en que é de vital importancia controlar a situación, comezando por baños preventivos e, seguidamente, tratando os animais afectados.

Os baños preventivos teñen varios obxectivos; por unha banda, evitar que a DD se propague pola granxa. É moi importante que non teñamos novos contaxios, no futuro serán os novos casos de coxeira e a nova forma de transporte da enfermidade. Pola outra, as lesións leves, que aínda non derivaron a coxeira, co baño deixarán de estar activas e de producir dor, polo que terán unha curación máis rápida.


TRATAMENTO INDIVIDUAL

É aquí onde actúa o técnico en saúde podal. Unha rápida detección na sala de muxido ou no poldro de recorte, así como unha temperá actuación, axudarán a que a enfermidade non evolucione á súa etapa máis severa, cando xa é irreversible e cando podería chegar a ser, case seguro, unha coxeira crónica. A taxa de recidivas en etapas avanzadas é moi alta, polo que debemos atacar a enfermidade desde hora temperá para que o impacto económico e daniño sexa o mínimo posible na nosa granxa.

CONCLUSIÓN

De todo isto extraemos unha conclusión clara: un gandeiro que estea sempre alerta e non deixe que a enfermidade se propague, poñendo os medios necesarios, terá un rabaño máis saudable, con máis facilidade de manexo, máis fértil e con mellor benestar, e todo iso sumado daranos unha granxa máis rendible.

Pediluvio con deseño e dimensións óptimas para conseguir un baño de pezuños adecuado (Cook e Gómez, 2012)*



*Debe ter, polo menos, 3 m de longo e 25 cm de alto (por fóra; por dentro, 15-20 cm de profundidade), recoméndase que os laterais estean tapados e inclinados para recuperar no pediluvio o produto que salpique fóra.

A continuación, mostrámosvos dúas imaxes dun animal que entrou ao poldro de recorte. Na foto da esquerda vese como a DD está activa; tras o paso polo poldro e un tratamento adecuado, podemos observar na foto da dereita, 30 días despois, que o animal está curado. ■

▶ É DE VITAL IMPORTANCIA CONTROLAR A SITUACIÓN, EMPEZANDO POR BAÑOS PREVENTIVOS E, SEGUIDAMENTE, TRATANDO OS ANIMAIS AFECTADOS

NOTA DOS AUTORES

Para máis información sobre este tema podedes contactar coa Asociación na súa web: www.appb.es



Dermatite dixital activa



Pezuño despois de 30 días de tratamento

RATIBROM[®]

Nº1
EN VENTAS

¡TENEMOS LA SOLUCIÓN! LA DIETA DEL RATIBROM

LAS RATAS Y LOS RATONES **MUEREN** POR ELLA



NUEVA
CONCENTRACIÓN



RESISTE
AL CALOR Y LA HUMEDAD



GAMA VERSÁTIL

Permite manejar diferentes alternativas según las necesidades del tratamiento o las condiciones ambientales.

ALTA APETENCIA

Elaborados con ingredientes de alta calidad y la mayor apetencia del mercado (hasta el 97%).

NUESTROS CEBOS



CEBO FRESCO



CEREALES



PELLET



PARAFINA



 **impex** EUROPA S.L.

Avda. de Pontevedra, 39 | 36600 Vilagarcía de Arousa - Pontevedra - SPAIN | T. +34 986 501 371 | info@impexeuropa.es | www.impexeuropa.es